

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO E DE ELECCIÓN DE ALCALDE COMO CONSECUENCIA DAS ELECCIÓN S LOCAIS DO VINTE E CATRO DE MAIO DE DOUS MIL QUINCE.

DATA DA SESIÓN: TRECE DE XUÑO DE DOUS MIL QUINCE.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Valdoviño, sendo as doce horas do día trece de xuño de 2015, para dar cumprimento ao que se dispón nos artigos 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, modificada pola Leis Orgánicas 1/1987, do 2 de abril, 8/1991, do 13 de marzo; 6/1992, do 2 de novembro; 13/1994, do 30 de marzo; 3/1995, do 23 de marzo; 1/1997, do 30 de maio e 3/1988, do 15 de xuño e arts. 36 e 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro; referentes á constitución das Corporacións Locais e elección de Alcalde, reuníronse, en sesión pública os Sres/as. Concelleiros/as electos/as nas Eleccións Locais celebradas o día 24 de maio de 2015, que son os seguintes:

D. CARLOS ALBERTO AMENEIROS SERANTES

D. MANUEL JAVIER BACORELLE ROBLES

D. LUIS MANUEL BECEIRO RODRIGUEZ

D^a MARIA CRISTINA FREIRE ANEIROS

D. ESTEBAN GARCIA ALONSO

D^a ROSA ANA GARCÍA LÓPEZ

D. ALEJANDRO ANTONIO GARCÍA SOUSA

D. ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ

D. SERGIO SAAVEDRA GUTIERREZ

D^a JESSICA SABIN FERNÁNDEZ

D. BENITO MANUEL VEGA FERNÁNDEZ

D. JOSÉ ANTONIO VIGO LAGO

Asistidos da Secretaría municipal, dona Carlota González Navarro.

De seguido procedeuse, de conformidade co disposto no artigo 37.2 do ROF a:

1.- CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE.-

Integrada polo concelleiro electo de maior idade, don JOSÉ ANTONIO RODRIGUEZ FERNÁNDEZ, que pasa a Presidir a Mesa, acompañado como vocal da concelleira de menor idade, Dona JESSICA SABIN FERNÁNDEZ, actuando como secretaria a que ocupa este cargo no concello; a fin de iniciar a constitución da Corporación Municipal de Valdoviño.

O SR. PRESIDENTE DECLARA ABERTA A SESIÓN.

2.- COMPROBACIÓN DE CREDENCIAIS E PERSONALIDADE DOS ELECTOS.-

Pola Secretaría indicase que a Xunta Electoral de Zona de Ferrol, estendeu acta de proclamación do resultado das eleccións municipais celebradas o 24.05.15, na circunscrición electoral de Valdoviño, e da lectura de dita acta.

Indica que dacordo co resultado da mesma, a Xunta Electoral de Zona proclamou coma concelleiros electos aos candidatos seguintes:

Partido dos Socialistas de Galicia- Partido Socialista Obrero Español PSdeG-PSOE

ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ

ROSA ANA GARCÍA LÓPEZ

SERGIO SAAVEDRA GUTIERREZ

BENITO MANUEL VEGA FERNÁNDEZ

JESSICA SABIN FERNÁNDEZ

ALEJANDRO ANTONIO GARCÍA SOUSA

Partido Popular- PP

JOSÉ ANTONIO VIGO LAGO

ESTEBAN GARCÍA ALONSO

JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ

MARIA CRISTINA FREIRE ANEIROS

Centristas de Valdoviño (CENVAL)

LUIS MANUEL BECEIRO RODRÍGUEZ

Unidos por Valdoviño (UV)

MANUEL JAVIER BACORELLE ROBLES

Bloque Nacionalista Galego (BNG)

CARLOS ALBERTO AMENEIROS SERANTES

E que non consta presentación de reclamacións, protesta ou recurso ante a proclamación de candidatos.

Que todos os concelleiros presentaron a credencial e de conformidade co artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, presentaron na Secretaría deste Concello os preceptivos modelos declarativos para a súa inscrición nos Rexistros de Bens Patrimoniais e no Rexistro de actividades.

3.-XURAMENTO OU PROMESA DE CONCELLEIRO.-

Comprobadas as credenciais presentadas e a personalidade dos electos, o Presidente da Mesa informa de que os concelleiros deberán prestar xuramento ou promesa, de conformidade co establecido no artigo 108 da LOREG, baixo a formula que establece o RD 707/1979 do 5 de abril:

¿XURADES OU PROMETEDES POLA VOSA CONCIENCIA E HONOR CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE CONCELLEIRO DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CON LEALDADE AO REI E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMA NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO?

O Sr. Presidente por orde alfabético nomea a cada un dos concelleiros, sendolle a él formulada a pregunta pola vocal da Mesa Sr. Sabin Fernández; respondendo:

D. ALBERTO AMENEIROS SERANTES.- Si PROMETO

D. MANUEL JAVIER BACORELLE ROBLES.- SI PROMETO

D. LUIS MANUEL BECEIRO RODRIGUEZ.- SI PROMETO

Dª MARIA CRISTINA FREIRE ANEIROS.- SI PROMETO

D. ESTEBAN GARCIA ALONSO.- SI PROMETO
D^a ROSA ANA GARCÍA LÓPEZ.- SI PROMETO
D. ALEJANDRO ANTONIO GARCÍA SOUSA.- SI PROMETO
D. ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ.- SI PROMETO
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.- SI, XURO
D. SERGIO SAAVEDRA GUTIERREZ.- SI PROMETO
D^a JESSICA SABIN FERNÁNDEZ.- SI PROMETO
D. BENITO MANUEL VEGA FERNÁNDEZ.- SI PROMETO
D. JOSÉ ANTONIO VIGO LAGO.- SI PROMETO

4.- DECLARACIÓN DA CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN.-

Tralas actuacións anteriores, O PRESIDENTE DA MESA DECLARA:

QUEDA CONSTITUÍDA FORMALMENTE A CORPORACIÓN MUNICIPAL DE VALDOVIÑO.

5.- ELECCIÓN DE ALCALDE.-

De acordo co disposto no artigo 196 da LOREG, o Presidente indica que procede agora a elección de Alcalde, podendo ser candidatos os cabezas de lista de cada candidatura e pregunta:

¿ALGÚN CANDIDATO RETIRA Á SÚA CANDIDATURA A ALCALDE?

Todos os candidatos manteñen a súa candidatura a Alcalde, polo que a Secretaria sinala que serán candidatos a Alcalde deste Concello os seguintes concelleiros:

D. ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ- PSdeG-PSOE
D. JOSÉ ANTONIO VIGO LAGO – PP
LUIS MANUEL BECEIRO RODRÍGUEZ -CENVAL
D. MANUEL JAVIER BACORELLE ROBLES.- U POR V
D. CARLOS ALBERTO AMENEIROS SERANTES.- BNG

Polo Presidente invitase aos concelleiros electos a pronunciarse en canto ao sistema de votación e levase a cabo nominal, preguntando o Sr. Presidente a cada un dos concelleiros, obténdose o resultado seguinte:

CANDIDATOS	Nº VOTOS OBTIDOS
D. ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ- PSdeG-PSOE.-	7 VOTOS
D. JOSÉ ANTONIO VIGO LAGO –	4 VOTOS
D. LUIS MANUEL BECEIRO RODRÍGUEZ.-	0 VOTOS (O seu grupo da o Voto ao candidato Sr. González Fernández)
D. MANUEL JAVIER BACORELLE ROBLES.-	U por V.- Abstense de votar
D. CARLOS ALBERTO AMENEIROS SERANTES.-	BNG.- 1 VOTO

Pola Secretaria indicase que **QUEDA PROCLAMADO ALCALDE ELECTO DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, DON ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ; que obtivo 7 votos.**

6.- XURAMENTO OU PROMESA E TOMA DE POSESIÓN DO ALCALDE.-

En consecuencia, e dacordo co artigo 18 do RD Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 40.2 do ROF, o Presidente da Mesa da lecutra á fórmula de acatamento do seguinte literal:

¿XURA OU PROMETE POLA SÚA CONCIENCIA E HONOR CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DO CONCELLO DE VALDOVIÑO CON LEALDADE AO REI, E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMA NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO E ASUMINDO OS DEBERES E ATRIBUCIÓNS QUE LEGALMENTE LLE CORRESPONDEN?

MANIFESTANDOSE O ALCALDE ELEXIDO DA SEGUINTE MANEIRA: SI PROMETO.

Realizado o xuramento, o ALCALDE pasa a ocupar a Presidencia e disólvese a Mesa de Idade.

O anterior Sr. Alcalde, don José Antonio Vigo Lago faille entrega dos atributos do seu cargo (bastón de mando) ao novo Alcalde.

O Sr. Alcalde, toma a palabra e dalle en primeiro lugar as grazas ao Sr. Alcalde cesante polas cousas boas que fixo, sinalando o seu obxectivo, que é traballar por Valdoviño. Mostra o seu agradecemento ao público asistente e aos señores concelleiros.

A continuación a Sra. Secretaría, da lectura á acta de arqueo redatada con motivo da constitución da Nova Corporación do seguinte tenor literal:

“Con motivo da constitución da nova Corporación Municipal, dando cumprimento ó artigo 56.2 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, reúnense na Tesourería Municipal os claveiros que asinan a presente, o Alcalde-Presidente D. JOSÉ ANTONIO VIGO LAGO, a Interventora D^a. PAULA CAMPOS RODRÍGUEZ, e a Tesoureira Acctal, D^a ROSARIO GARCÍA VILLAR, para proceder a realizar o arqueo extraordinario a data 13 de xuño de 2015, co seguinte resultado:

Cta. PGCP	Ordinal tesorer	Descrición	Existencia inicial	ENTRADAS TOTAL	SALIDAS TOTAL	Existencia final
5710	201	CTA. OPERAT.BANCO PASTOR 02388172860660000173	497.151,24	142,561,55	94.879,84	544.832,95
5710	204	CTA. NOVAGALICIA BANCO 20800213543110000026	468.433,07	121.981,50	58.579,25	531.835,32
5710	205	CTA. NOVAGALICIA BANCO 20800213573110000088	128.146,95	0,00	0,00	128.146,95
5710	206	CTA. NOVAGALICIA BANCO 20805196233040003109	12.992,7	0,00	0,00	12.992,7
5710	207	CTA. OPERATIVA DE BBVA 01826244480200150826	3.339,23	0,00	39,04	3.300,19
5790	901	CAJA FORMALIZACIÓN	0,00	4.849,71	4.849,71	0,00
		TOTAL.....	1.110.063,19	269.392,76	158.347,84	1.221.108,11

De todo o que se estende a presente acta de arqueo extraordinaria por un total de UN MILLÓN DOUSCENTOS VINTEUN MIL CENTO OITO EUROS CON ONCE CÉNTIMOS” (1.221.108,11€), que asinan os Sres. asistentes pola súa condición de claveiros do Concello de Valdoviño.

Valdoviño, 13 de xuño de 2015

O ALCALDE,

A INTERVENTORA,

A TESOUREIRA ACCTAL”

Pola secretaria dase lectura do informe de posta a disposición da documentación para a comprobación do inventario, que se reproduce literal:

“INFORME POSTA A DISPOSICIÓN DA DOCUMENTACIÓN PARA A COMPROBACIÓN DO INVENTARIO

O artigo 86 do Texto Refundido das Disposicións vixentes en materia de Réxime Local (RDL 781/1986 de 18 de abril), establece a obriga das Entidades Locais de formar inventario de todos os bens e dereitos da Corporación, mandato reiterado no artigo 17 do Regulamento do Bens das Entidades Locais (RD 1372/1986 de 13 de xuño), procedendo a súa rectificación e verificación anualmente por acordo do Pleno da Corporación.

Consultados os arquivos obrantes nas oficinas municipais consta na acta da sesión plenaria celebrada o día 23 de febreiro de 2010, ACORDO DE APROBACIÓN DO INVENTARIO DE BENS INMOBLES MUNICIPAIS, no que se indica que o Concello procedeu á recepción do inventario, elaborado coa aistencia técnica da Excm. Deputación Provincial e sobre a base da documentación existente.

En cumprimento do disposto no artigo 36.2 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, (ROFRXEL) tomaronse as medidas necesarias para que a nova Corporación Local, poida proceder á consulta e comprobación da documentación referida ao inventario de Bens da Corporación.

	Valor adquisición	Valor neto
Total	24.099.403,52	22.221.113,89

Para dar cumprimento ao disposto no artigo 33.2 do RD 1372/1986.

Valdoviño, 10 de xuño de 2015

A secretaria

Asdo.: Carlota González Navarro.”

Sendo as doce horas e trinta minutos deste día, o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión da que estendo a presente acta e Do que, como Secretaria, CERTIFICO.

O alcalde,

A secretaria,